



## Concello de Ortigueira

---

**Expediente:** 965//2020

**Asunto:** Anuncio

**Departamento Interesado:** CIM Concellería de Igualdade.

### ANUNCIO

#### BASES

### CONCURSO DE MICRORRELATOS DA CAMPAÑA MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO “*IMPLÍCATE SON AS TÚAS VECIÑAS*”

**LINGUA:** O microrrelato deberá remitirse escrito en lingua galega, ou castelá e deberá ser orixinal e inédito .

**CONTIDO:** Deberá estar baseado no rexeitamento á violencia machista e de maneira particular, na responsabilidade que temos como sociedade e veciñanza na erradicación destas condutas. No apoio que os veciños/ as debemos prestar ás mulleres que a sofren para axudarlles a saír desa situación.

Ás veces presenciamos actitudes ou accións violentas dalgún veciño cara a súa parella, ou observamos que algunha veciña presenta, sen xustificación, negróns na cara ou corpo, ou escoitamos golpes e ruidos anómalos no piso do lado e non facemos nada para axudar ou evitar a violencia.

Ás veces criticamos a decisión da nosa veciña por denunciar á súa parella e poñemos en dúbida o seu testimonio, illámola e torcémoslle a cara, en lugar de apoiola.

**FORMA:** Cada orixinal deberá conter un relato, conto ou, narración, cunha extensión **máxima de 180 palabras**. Só se admitirá un texto por persoa participante

**CATEGORÍAS:** Haberá dúas categorías:

- Xuvenil de 10 a 17 anos.
- Adulta a partir de 18 anos.

**PREMIOS.-**O gañador ou gañadora do relato, en cada categoría, recibirá un dispositivo electrónico portátil ou tablet.

**FORMA DE PARTICIPACIÓN:** Para participar é necesario enviar os microrrelatos xunto **có boletín de inscrición** ao correo [cim@concellodeortigueira.com](mailto:cim@concellodeortigueira.com)

**PRAZO DE ADMISIÓN:** O prazo de admisión dos microrrelatos será ata o **23 de novembro de 2020 ás 15:00 horas**.

**XURADO:** O xurado está formado pola concelleira de Igualdade do Concello, o persoal técnico do CIM de Ortigueira e a técnica da Biblioteca Municipal

**VALORACIÓN:** Valorarase o estilo de redacción, a mensaxe transmitida, e a utilidade

---

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



## Concello de Ortigueira

---

do texto para a sensibilización social da veciñanza e da comunidade na prevención e erradicación da violencia de xénero.

**FALLO:** O fallo comunicárase ás persoas gañadoras o mércores **25 de novembro de 2020**.

O fallo farase público a través do portal web do Concello de Ortigueira <http://concellodeortigueira.gal> o 25 de novembro de 2020.

**AUTORIZACIÓNS:** Os microrrelatos poderán publicarse na páxina web do Concello. O Concello de Ortigueira resérvase o dereito de publicación e edición dos microrrelatos, tanto na internet como en edición impresa.

Os datos das persoas participantes serán utilizados para comunicar os premios ás persoas gañadoras e contactar coas persoas participantes.

No caso de menores de idade deberán achegar xunto co relato, folla de autorización de pai, nai ou titor/a.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.



## Concello de Ortigueira

---

### BOLETÍN DE INSCRICIÓN

#### **INSCRICIÓN**

**NOME E APELIDOS**.....  
**DOMICILIO**.....  
**TFNO**.....  
**DATA DE NACEMENTO**.....  
**SEUDÓNIMO** ( no caso de querer manter o anonimato se fose publicado).....

*Autorizo a cesión dos datos coa finalidade de xestionar a participación nesta convocatoria.*

*Ortigueira a .....de Novembro de 2020*

*Asdo: .....*

#### **NO CASO DE MENORES DE IDADE**

**D. D<sup>a</sup>**.....  
**PAI, NAIDE TUTOR, TUTORA, DO/A MENOR** .....  
**DOMICILIO**.....  
**TFNO**.....  
**DATA DE NACEMENTO**.....  
**SEUDÓNIMO** no caso de querer manter o anonimato se fose publicado).....

**DOY MI AUTORIZACIÓN PARA QUE EL/LA MENOR PARTICIPE EN EL CONCURSO DE MICRORELATOS CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO “IMPLÍCATE, SON TUS VECINAS” ORGANIZADO POLA CONCEJALÍA DE IGUALDAD DEL AYUNTAMIENTO DE ORTIGUEIRA.**

*Autorizo la cesión de los datos con la finalidad de gestionar la participación en esta convocatoria.*

*Ortigueira la .....de Noviembre de 2020*

*Fdo: .....*

---

### Concello de Ortigueira